



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 07/09/2021, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de setembro do 2021 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 08/11/2021. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederáse á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 7 de setembro de 2021.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2657

BEGONTE

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o día 12 de agosto de 2021, o expediente de modificación de créditos núm. 15 /2021 (4º de competencia do pleno), dentro do vixente

Presuposto municipal e con modificación do anexo de investimentos, por un importe total de Cinquenta e catro mil cincocentos dez (54.510,00) euros, e transcurrido o prazo dos quince días hábiles, contados a partir da inserción do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, sin que se tivesen presentado reclamacións, o mesmo entenderase elevado a definitivo, quedando o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido orzamento, da seguinte forma:

Cap. 1.- Remuneracións de persoal.	869.674,47 €.
Cap. 2.- Compra de bens correntes e de servizos.	1.617.163,75 “
Cap. 3.- Gastos financeiros.	4.400,00 “
Cap. 4.- Transferencias correntes.	189.145,00 “
Cap. 5.- Fondo de Continxencia.	695,06 “
Cap. 6.- Inversións reais.	1.797.712,37 “
Cap. 7.- Transferencias de capital.	12.000,00 “
Cap. 8.- Variación de activos financeiros.	0,00 “
Cap. 9.- Variación de pasivos financeiros.	0,00 “
SUMA TOTAL.....	4.490.790,65 €

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Begonte, 9 de Setembro de 2021.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2658

MEIRA

Anuncio

Asunto: aprobación definitiva da modificación de crédito mediante de suplemento de crédito número 1/2021.

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, en tanto que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, o acordo plenario de aprobación inicial, adoptado en data 5 de agosto do 2021, do suplemento de crédito núm. 1/2021, financiado con cargo a remanente líquido de tesouraría para gastos xerais, este queda automaticamente elevado a definitivo.

Faise público o resumo por capítulos do estado de ingresos e gastos trala aprobación do devandito expediente:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

Capítulos do Orzamento de Ingresos:

1	IMPOSTOS DIRECTOS	637.000,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	34.000,00
3	TAXAS E PREZOS PÚBLICOS	304.700,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	728.265,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	12.000,00
6	ALLEAMENTO INVERSIÓN REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	279.300,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	205.000,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS		2.200.265,00

Capítulos do Orzamento de Gastos:

1	GASTOS DE PERSOAL	707.147,54
2	GASTOS EN BENS E SERVIZOS	1.023.458,34
3	GASTOS FINANCEIROS	2.328,84
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	81.800,00
6	INVERSIÓNS REAIS	324.274,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	61.256,28
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS		2.200.265,00

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Meira, 9 de setembro de 2021.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2659

AS NOGAIS*Anuncio*

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto no artigo 51.1 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de As Nogais en data 9 de setembro de 2021 adoptou Decreto que di: Delegar no concelleiro don Fernando Rodríguez González a celebración do matrimonio civil entre don Manuel Saiz Iglesias, titular do DNI número ***7062** e dona Beatriz Álvarez Carcedo, titular do DNI número ***4037**, a celebrar o día 10 de setembro de 2021 nesta Casa Consistorial do Concello de As Nogais. Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do previsto no artigo 44.2º do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro

As Nogais, 9 de setembro de 2021.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2660

PALAS DE REI*Anuncio***NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA**

Unha vez aprobados definitivamente por resolución desta Alcaldía nº 2021-0483, ditada o 3 de setembro de 2021, os padróns e listas cobratorias dos tributos locais Taxa pola prestación do servizo de saneamento e abastecemento de auga, recollida de lixo e canon da auga, referidos ao exercicio de 2º Trimestre do 2021, expóñense ao público no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49,7 do

Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario do imposto do día 1 ao 31 de agosto. O pagamento farase efectivo nas entidades financeiras colaboradoras. Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iniciárase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Palas de Rei, 6 de setembro de 2021.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 2661

MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA

ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS (ADIF)

Anuncio

Resolución de la Dirección General de Planificación y Evaluación de la Red Ferroviaria por la que se abre Información Pública correspondiente al Expediente de Expropiación Forzosa 231ADIF2198 motivado por las obras de “**Proyecto de reparación del puente Penadola sobre el Río Sil. Línea Palencia-A Coruña, tramo Montefurado-San Clodio Quiroga, p.k. 329+994**”, en los términos municipales de **Quiroga y Ribas de Sil** (Lugo).

El Administrador de Infraestructuras Ferroviarias, el 9 de agosto de 2021 insta la incoación del expediente de expropiación forzosa para disponer de los terrenos necesarios para la ejecución de las obras del Proyecto de referencia, aprobado el 19 de mayo de 2021.

Dicha aprobación conlleva la declaración de utilidad pública o interés social, la necesidad de ocupación de los bienes afectados y la declaración de urgencia de la misma (Ley 38/2015, de 29 de septiembre del Sector Ferroviario), siendo por tanto de aplicación los preceptos contenidos en el artículo 52 de la Ley de Expropiación Forzosa de 16 de diciembre de 1954 y concordantes del Reglamento de 26 de abril de 1957.

En su virtud, esta Dirección General de Planificación y Evaluación de la Red Ferroviaria, ha resuelto abrir **información pública** durante **un plazo de 15 (quince) días hábiles**, contados en la forma dispuesta en el artículo 17 del Reglamento de 26 de abril de 1957, para que los titulares de los bienes y derechos afectados y todas las demás personas o entidades interesadas, puedan formular por escrito ante este Departamento las alegaciones que consideren oportunas, de acuerdo con lo previsto en los artículos 18 y 19 de la Ley de Expropiación Forzosa y en el artículo 56 de su Reglamento de desarrollo.

Se podrá consultar el Anejo de Expropiaciones en la sede del Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, Secretaría de Estado de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, Secretaría General de Infraestructuras, Dirección General de Planificación y Evaluación de la Red Ferroviaria, División de Expropiaciones Ferroviarias, Paseo de la Castellana, 67; en ADIF-Alta Velocidad, Avda. Pío XII, 110 (Caracola nº 18); en los respectivos Ayuntamientos y Subdelegaciones o Delegaciones del Gobierno afectados. Además, podrá consultarse el Anejo de Expropiaciones vía web en el apartado de Ministerio/Participación Pública de la web del Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (www.mitma.gob.es) y en el apartado de Información Pública del Portal de Transparencia de la web de ADIF (www.adif.es).

Del mismo modo, se resuelve convocar a los propietarios de los bienes y derechos afectados al levantamiento de las actas previas a la ocupación en el lugar que el Ayuntamiento habilite a los efectos, en los días y horas que se indican a continuación.

Esta publicación servirá de notificación para los interesados desconocidos o de ignorado domicilio a los efectos prevenidos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

No obstante, se convocará a los interesados al acto del levantamiento de las actas previas, mediante citación individual.

Término Municipal de Quiroga

Finca	Polígono	Parcela	Titular actual	Domicilio	Superficie parcela (m²)	Expropiación (m²)	Servidumbre (m²)	Ocupación temporal (m²)	Naturaleza del bien	Fecha/Hora Actas previas a la ocupación
Y-27.0500-0001	38	200	Fernández Somoza, Severino	PQ Quiroga Ndup-7 27320 Quiroga (Lugo)	4501	0	0	72	Rústica	20-10-2021 / 09:30
Y-27.0500-0002	38	132	Rodríguez Pérez, Jose Luis (Hros)	LG Los Novais 24 27329 Quiroga (Lugo)	2369	0	0	23	Rústica	20-10-2021 / 10:15
Y-27.0500-0003	38	1092	Desconocido	Desconocido	5560	0	0	1122	Rústica	20-10-2021 / 11:45
Y-27.0500-0004	38	131	Villamarín González, Teresa	CL Donoso Cortes 75 Pl:04 Pt:Izq 28015 Madrid	1803	0	0	448	Rústica	20-10-2021 / 11:00
Y-27.0500-0005	38	135	ADIF Gerencia de Área de Patrimonio Urbanismo Noroeste	CL Uría S/N Estación Oviedo Pl:1 33003 Oviedo (Asturias)	1429	0	0	246	Rústica	
Y-27.0500-0006	38	1091	ADIF Gerencia de Área de Patrimonio Urbanismo Noroeste	CL Uría S/N Estación Oviedo Pl:1 33003 Oviedo (Asturias)	27150	0	0	3926	Rústica	

Término Municipal de Ribas de Sil

Finca	Polígono	Parcela	Titular actual	Domicilio	Superficie parcela (m²)	Expropiación (m²)	Servidumbre (m²)	Ocupación temporal (m²)	Naturaleza del bien	Fecha/Hora Actas previas a la ocupación
Y-27.0522-0001	9	138	Iberdrola SA	PZ Euskadi 5 48009 Bilbao (Bizkaia)	116042	0	0	788	Rústica	20-10-2021 / 16:00
Y-27.0522-0002	10	211	Iberdrola SA	PZ Euskadi 5 48009 Bilbao (Bizkaia)	16571	0	0	1815	Rústica	20-10-2021 / 16:00

Madrid, a 3 de septiembre de 2021.- El Director General de Planificación y Evaluación de la Red Ferroviaria, D. Casimiro Iglesias Pérez.

R. 2663